

# La Voz de Galicia

lavozdegalicia.es

## «Non me imaxinaba que tanta xente se interesaría polo curso»

31/08/2004 | Pontevedra

**En dous minutos | Miro Magariños**

Nos dous meses en que se realizará esta actividade,

**Celia Fernández | pontevedra**

¿uizais o nome de Miro Magariños non suscite ningunha impresión. Sen embargo, o demo que hai uns días causou pánico entre os nenos de Pontevedra e que leva catro anos realizando este cometido resulte máis coñecido. Magariños combina a súa faceta de actor coa de «mestre do coiro» dende hai vintecinco anos. O 11 de setembro comezará a impartir as súas clases na Casa da Luz durante dous meses, e asegura que «todos aprenderán a desenvolverse con soltura». Este sábado realizouse, con éxito, a súa presentación.

-¿En que consistirán exactamente as clases que vai impartir?

-Vou impartir historia dos curtidos, teoría dos curtidos e a súa evolución ó longo da historia. Isto é no que respecta á parte teórica. Logo, a inmensa maioría das horas, son de taller, realizando pezas nas que basicamente os alumnos poderán aprender patronaxe, corte, despece, costura e acabado de pezas.

-¿Que tipo de pezas?

-As súas primeiras pezas, que son fixas, son propostas case obrigatorias miñas. Serán cousas moi sinxelas, un chaveiro de tres pezas e un monedeiro-billeteiro. A partir de aí vou permitir que cada un faga unha proposta concreta do que queira. Sempre terá que realizar, loxicamente o patronaxe, facer un pequeno boceto previo en papel. Logo farase o despezado, o patronaxe e realización posterior da peza.

← Volver



XOÁN CARLOS GIL

Publicidad

**6%**  
TAE  
Tipo de interés nominal 5,84%

**DEPÓSITO A 1 MES**

ibanesto.com

contrátalo en 902 123 099  
o [www.ibanesto.com](http://www.ibanesto.com)  
Oferta válida hasta el 31/12/05

-¿Cal é a súa opinión despois da presentación do curso?

-Estou alucinado. Non me imaxinaba que ía ir tanta xente. Entre a xente que viu e a que sei que lle interesa pero non puido acudir, serán unhas cincuenta persoas. Quedei sorprendido porque non me imaxinaba que tanta xente se interesaría nun curso deste tipo.

-¿É para xente de todas as idades?

-Si. Hai xente que pode ter dende 16 ou 17 anos ata persoas de 50 a 60 anos.

-¿Hai que ter algún coñecemento previo para facelo curso?

-En principio non. De aí o das dúas pezas obrigatorias para que eu vexa a habilidade e a capacidade psicomotriz que teñen coas mans os alumnos.

-¿Considera que nas sesións programadas os alumnos poderán crear eles mesmos?

-Si. Van aprender uns rudimentos básicos que lles van permitir desenvolver cousas na súa propia casa. Pero non nos enganemos. Este é un curso de dous meses que pretende motivar que a xente traballe o coiro dende unha perspectiva correcta. Vai máis encamiñada a isto que á acumulación de coñecementos.

---

---


**Tarifas publicitarias / [publicidad@lavozdeg Galicia.es](mailto:publicidad@lavozdeg Galicia.es)**

---

---

**[ Contacte con nosotros: [web@lavozdeg Galicia.es](mailto:web@lavozdeg Galicia.es) ]**

© Copyright LA VOZ DE GALICIA, S.A.  
Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España)

Auditado por 

RM de La Coruña: tomo2413, folio84, hojaC-12502

CIF: B-15.482.177